

## **ORDENANZA DO MONTE DA TOXA**

---

É obxecto da presente ordenanza a actualización do vixente Regulamento de uso da parcela Z-14 da Illa da Toxa, aprobado en sesión plenaria do 31 de agosto de 1981 e a súa adecuación á Ordenanza municipal de limpeza e medio ambiente, aprobada o 29 de abril de 2004 e publicada no *Boletín Oficial da Provincia* de Pontevedra do 5 de agosto de 2004, para o seu uso como parque público.

### **CAPÍTULO I**

#### **CONSERVACIÓN DO MONTE DA TOXA**

##### **Artigo 1**

Será obriga do Concello do Grove manter en bo estado de conservación a zona verde denominada Monte da Toxa, sendo pola súa conta os gastos que iso ocasione.

O antedito deber de conservación incluírá a poda, na medida en que a falta desta operación poida supor un detrimento no vigor vexetativo dalgunha das especies ou un aumento da susceptibilidade ao ataque das pragas e enfermidades ou un perigo de caída de pólas secas; o tratamento fitosanitario preventivo e a limpeza de toda a parcela, eliminando a maleza espontánea e mantendo esta en condicións satisfactorias de ornato.

Tamén será obriga do Concello a retirada das árbores derrubadas por calquera causa ou que ofrezan perigo de caída.

##### **Artigo 2**

En caso de novas plantacións ou intervencións que excedan do mero mantemento da masa vexetal da parcela, será preceptivo o informe da administración sectorial competente en materia de medio ambiente, sen prexuízo das autorizacións e informes que en cada momento sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente.

## CAPÍTULO II

### USO DO MONTE DA TOXA

#### Artigo 3

O uso público do Monte da Toxa regularase con carácter xeral polo establecido para as zonas verdes, capítulo IV da Ordenanza municipal de limpeza e medio ambiente, coas seguintes especificidades:

- ✓ O horario de uso do monte da Toxa será o seguinte:
  - Nos meses de **maio a outubro**, ambos os dous incluídos, **de 07.00 a 22:30 horas**; nos **restantes meses, de 08.00 a 19.00 horas**. Queda totalmente prohibida a permanencia de persoa ningunha allea aos servizos municipais no citado recinto fóra do horario expresado.
- ✓ Ademais das prohibicións de carácter xeral, establecidas en relación co uso das zonas verdes, no Monte da Toxa prohíbese realizar comidas, acampadas e o aparcadoiro e circulación de vehículos, agás os autorizados polo Concello por razóns de interese público. Todo uso que implique concentración de persoas (probos deportivos, actos culturais, reunións públicas, festexos populares, ou de calquera outra natureza) requirirán da respectiva autorización municipal previa.
- ✓ Queda prohibida a entrada de cabalos en toda a zona verde.
- ✓ As emisións acústicas (volume de megafonía, música, radio, tv etc.) respectarán os niveis máximos admisibles no medio ambiente exterior de acordo coa Ordenanza municipal de protección do medio ambiente de ruídos e sons e demais disposicións de rango superior de aplicación na materia, que se atopen en vigor, de xeito que non perturben ou molesten a tranquilidade pública dos demais usuarios e usuarias.

## CAPÍTULO III

### RÉXIME XURÍDICO

#### Artigo 4

En todo o non previsto na presente ordenanza e que non resulte contrario ás súas disposicións, será de aplicación supletoria a Ordenanza municipal de limpeza e medio ambiente e as demais disposicións de rango superior de aplicación na materia, que se atopen en vigor.

O Grove, 29 de setembro de 2005

O alcalde

Miguel Ángel Pérez García

(BOP de Pontevedra núm. 208 de 28/10/2005)